



**Expediente núm.:** 494/2026

**Bando de Alcaldía-Presidencia**

**Procedemento:** Elección de xuíz de paz substituto/a

**Interesado:** Tribunal Superior de Xusticia de Galicia

**Data de iniciación:** 15/04/2026

## BANDO DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA

XOSÉ LUCIANO OTERO CAMIÑA, ALCALDE deste Concello, fago saber:

ELECCIÓN DE XUÍZ/A DE PAZ SUBSTITUTO/A DO CONCELLO DE PAZOS DE BORBÉN (EXPEDIENTE 494/2026).

Que próximo a vencer o período de catro anos do nomeamento de xuíz/a de paz substituto/a deste Concello.

Que corresponde ao Pleno do Concello elixir as persoas para ser nomeadas xuíz de paz, titular e substituto deste Municipio, de conformidade co disposto nos artigos 101 e 102 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, e artigo 4 e 5.1 do Regulamento 3/1995, do 7 de xuño, dos xuíces de paz.

Que se abra un prazo de 10 días hábiles (**publicación no Boletín Oficia da Provincia – BOPPO nº 72 de data 17/04/2026**) para que as persoas que estean interesadas, e reúnan as condicións legais o soliciten por escrito dirixido a esta Alcaldía.

As solicitudes presentaranse no rexistro de entrada deste Concello ou ben mediante o procedemento que regula o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O modelo de instancia atópase a disposición dos interesados nas dependencias municipais do Concello, onde poderán ser presentadas dentro do prazo establecido.

Que na Secretaría do Concello pode ser examinado o expediente e solicitar a información que se precise en canto a requisitos, duración do cargo, remuneración, etc.

Que en caso de non presentarse solicitudes, o Pleno da Corporación elixirá libremente, de acordo co previsto no artigo 101.1 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial e o artigo 4 e 6 do Regulamento 3/1995, do 7 de xuño, dos xuíces de paz, comunicando o acordo ao Xulgado de Primeira Instancia.

O que se publica para xeral coñecemento.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

